



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Con Gaza no corazón

Verá quen nos veña lendo que en todas as páxinas que abren esta Crónica de Igrexa vimos facendo referencia ao que está acontecendo en Palestina, a terra dos Palestinos, a terra dos Xudeus. E cada vez os acontecementos obrígnanos a facelo con maior abraio e con maior desespero. Estes días –hoxe 16 de xullo, festa da Virxe do Carme– as tropas israelís cébanse coa indefensa poboación palestina de Gaza, que non fai máis mal ca achegarse aos puntos de distribución de alimentos e bebidas; aproveitan para converter o escenario nun divertido xogo de linchamento no que caen a centos de palestinos, moitos deles nenos e nenas; ás veces por despiste –afirman–, outras por erros imprevisibles, outras coa escusa de poder acabar cun

militante de Hamás, do que a IA lles dá a localización, e case sempre coa intención repetidamente expresada de facerlles ver que toda aquela xente sobra alí, que vexan que ou fuxir ou morrer, e iso, sabendo que non saben cara a onde fuxir, sen evitar as balas do seu requintado armamento.

E todo isto no nome dun fanatismo relixioso –os fanatismos relixiosos son os máis perversos que puido inventar o ser humano–; todo isto dentro dun cálculo estratéxico que leva décadas desenvolvéndose; todo isto coa connivencia de EE.UU, país que parece estar subxugado pola influencia e o capital xudeu; connivencia que o presidente Trump non fixo máis ca visibilizar ao extremo e envolver en resolucións arbitrarias, propias dun sátrapa

chulo, arrogante, que se pretende rir de todo o mundo, e que soña con gozar, despois de tanta aniquilación, bañándose nas costas palestinas de Gaza, reconstruídas para conforto da «xente ben» de todo o mundo que o adore.

E todo isto –e canto, canto nos doe– coa connivencia case total de Europa –quitado algo España, Irlanda e Noruega–, que, por estar fondamente vencellada ao imperio ianqui con lazos comerciais, militares, estratéxicos, non é quen de abrir a boca para dicir por aquí non pasamos, e segue contemplando a destrución, os asasinatos de cada día cunha santa indiferenza, sempre contentándose con dicir que ben, algo parece que vai mellorando.

Nunca sirvas a quen serviu, dicíanme os meus cando eu era neno; custoume entender eu aquilo, porque de entrada pensaba que quen serviu sabe cales son as dores do tal servizo, para non provocalas máis; pero non, había que aprender tamén que quen serviu, contemplou, sufriu e quizais aprendeu as maldades da xente a quen servía. Recordo isto aplicádonolo a todos,

como tentación moi humana que sempre nos circunda, pero sobre todo aos xudeus, que parece que do xenocidio nazi sobre eles aprenderon eles, seguro que non todos nin moitos menos, as terribles estratexias do xenocidio que agora practican. E despois de Gaza virá –xa está vindo– Cisjordania. E nós, case todos nós, tan campantes!

O Papa León XIV xa ten protestado repetidamente contra o que está pasando en Palestina, pero a súa voz, polo de agora, é unha voz menor, que se pode esquivar sen maior problema, por moito que quen tal sostén participase na cerimonia de comezo do seu papado.

Terá isto un punto de inversión? Que é o que ten que pasar? Ata onde pode chegar esta prepotente deriva deshumanizadora? Que Deus nos colla confesados!

2.- Adiante coa sinodalidade

Todos estamos observando como se vai desenvolvendo o Papa León XIV no exercicio da súa alta responsabilidade. E non está mal facelo, sempre e cando renunciemos a unha

ollada espiadora, que nos permita chufalo cando nos confirma nos nosos desexos e engurrar o fociño cando dalgún xeito os contradí. Cada persoa, cada Papa tamén, ten o seu don, a súa novidade, o seu punto de luz para a Igrexa, e iso entendemos que é o que debemos enxergar para que nos resulte proveitoso. León XIV non é Francisco, vainos amosando a súa particular personalidade, os seus especiais acentos, e iso dentro da súa decisión manifestada desde o primeiro momento de que as mellores iniciativas de Francisco terían nel continuidade.

E unha destas iniciativas foi a da sinodalidade, iso de facer, de vivir a Igrexa camiñando xuntos, xuntas, aínda contando coas nosas lexítimas diferenzas.

Pois ben, a cousa está de novo botada a andar. O 29 de xuño deste ano o Secretario xeral do Sínodo, o cardeal Mario Grech, fixo públicas coa anuencia do Papa as «Pistas para a fase de implementación do Sínodo», que se levará a cabo no período 2025-2028. Co Sínodo soubose sempre a onde se quería chegar: camiñar xuntos na realidade eclesial, pero os tempos

a investir parece que se foron determinando máis a *posteriori* que a *priori*, o cal non deixa de ter certo sentido.

Un pouquiño, logo, de memoria. A primeira fase, a da escoita do pobo de Deus, levouse a cabo entre os anos 2021-2023; foi cando se constituíron os grupos sinodais por todo o mundo para faceren o seu traballo; logo veu a segunda fase, a fase celebrativa, coas sesións da asemblea do Sínodo dos Bispos, ao que se incorporaron persoas, homes e mulleres, que non eran bispos (outubro do 2023 e outubro do 2024); esta completou o traballo feito polos grupos sinodais anteriores. E o 24 de novembro do 2024 o Papa Francisco entrega o Documento Final do Sínodo a toda a Igrexa declarando que «participa do Maxisterio ordinario do sucesor de Pedro» e como tal pide que sexa recibido.

E desa forma chegamos á terceira e definitiva etapa do Sínodo, que é a etapa de Implementación ou de aplicación ao concreto da realidade eclesial de cada día, dos criterios validados na fase anterior. E para iso volve o documento ás bases, ao pobo de Deus.

As «Pistas» que comentamos abordan as seguintes cuestións:

1. En que consiste a fase de implementación e cales son os seus obxectivos?
2. Quen participa na fase de implementación e que tarefas e responsabilidades lles corresponden?
3. Como utilizar o DF na fase de implementación?
4. Que método e instrumentos utilizar na fase de implementación?

Así concreta esta terceira e última fase o cardeal Mario Grech:

A fase de implementación ten como obxectivo experimentar prácticas e estruturas renovadas, que fagan que a vida da Igrexa sexa cada vez máis sinodal, partindo da perspectiva integral trazada no Documento Final, pensando nunha realización máis eficaz da misión de evanxelización. Este traballo implica unha profundación teolóxica e canónica necesarias, así como un compromiso a discernir o que é máis apropiado e potencialmente fecundo nos diferentes contexto locais.

Concretamente, a prioridade é ofrecer ao Pobo de Deus novas oportunidades para camiñar xuntos e reflexionar sobre estas experiencias, para poder acoller os seus froitos en relación coa misión e compartilos (p. 7).

Trátase, logo, de «implementar, nos diversos contextos, as indicacións autorizadas contidas no Documento Final, a través dos procesos de discernimento e de toma de decisións previstos polo dereito e polo Documento mesmo (p. 7).

Esta fase ten tres anos de duración (2025-2028):

- 2025, marzo: Anuncio do proceso de acompañamento e avaliación
- Xullo: Publicación das Pistas.
- Outubro: Xubileo dos Equipos sinodais e dos órganos de participación.
- 2025, xuño - 2026, decembro: Itinerarios de implementación nas igrexas locais e as súas agrupacións.
- 2027: primeiro semestre: Asembleas de avaliación nas dioceses e Eparquías.
- Segundo semestre: Asemblea de avaliación nas Conferen-

cias Episcopais nacionais e internacionais, nas Estruturas xerárquicas Orientais e noutras agrupacións eclesiais.

- 2028, Primeiro cuadrimestre: Asembleas de avaliación continentais.
- Outubro: Celebración da Asemblea eclesial no Vaticano.

Recoñezo que se me fai un chisco pesado todo este proceso. Ollando para as miñas contornas eclesiais percibo cansazo e ganas de que isto acabe. Seguro que tanta programación e tanto traballo algún ben traerá á Igrexa. No fondo, co Espírito polo medio, trátase tamén dun necesario proceso de democratización da Igrexa, aínda que receemos desta palabra; democratización e, en todo caso, algo máis.

3.- Unha bispa singular

Foi o día 24 de xuño, día da Natividade de Xoán Bautista. Foi nun pazo de preto de Compostela. Christina Moreira Vázquez, 61 anos, galega, nacida en Francia, foi ordenada bispa por outras tres bispas que pertencen á Asociación de Mulleres Sacerdotisas Católicas. Fixérono así

para «transmitir a sucesión apostólica no contexto dunha igrexa circular e inclusiva, para que esta, pola súa banda, acompañe e ordene mulleres chamadas a servir comunidades abertas, onde todas as persoas sexan acollidas». É a primeira bispa galega e española. Quen asistiu á celebración conta que o ambiente, o desenvolvemento da celebración foi moi digno, mesturando quentura emocional, unha simboloxía atinada, unha secuencia digna dos ritos e un ton sobrio, humilde, fraterno, por máis que eran ben conscientes, xaora, de que estaban facendo algo que molestaría, seguro, a moitas persoas da Igrexa católica, coa que se queren manifestar, a pesar de todo, en comunión identificándose como Asociación Católica. Como razón e soporte de todo está a vocación sacerdotal dunha muller que xa desde moza se sentía chamada a ser servidora na mesa, da palabra, do pan de Xesús, e a esa chamada quixo ser fiel a pesar de todos os atrancos.

A ordenación, por derivarse dunha ordenación primeira feita por un bispo católico, para bastantes xuristas é válida, pero

non é lícita. Co que a resposta da xerarquía católica, se non opta polo silencio, será a da excomuñón. Moita xente preguntase se esa é a resposta máis axeitada a un acto rebelde que no fondo fai a proposta –proposta convertida en feitos– de modificar os criterios cos que a Igrexa se organiza e funciona como grupo social, como comunidade. Nada que afecte algo substancial da nosa fe. Claro que hai quen di que si afecta, porque lles parece que Xesús quixo que a condición sacerdotal recaese unicamente en varóns. É dicir, cren que iso se trataría de algo querido e ditado así polo mesmo Deus. Non nos estamos pasando un pouco? Non estamos tomando así o nome de Deus á lixeira? Ante un feito desta envergadura –relativizar a igualdade básica ante Deus e no seo da comunidade de toda persoa bautizada por razón da súa condición sexual– vale xustificarse apelando a unha determinada interpretación teolóxica, coa que xa hoxe non concordan moitos teólogos/as? Tamén aquí unicamente valería o «só o non é non», como palabra expresa dita por Xesús, que nunca a dixo

e que mesmo integrou mulleres nos grupos de discípulos, rompendo con prácticas habituais da cultura do seu pobo.

Para Xesús, en momentos de discernimento, non eran as circunstancias materiais, externas, as que indicaban o camiño a seguir, senón simplemente a actitude interna, o íntimo do ser humano, o seu corazón, o que sae de dentro da persoa: «E, convocando o xentío, díxolles: Escoitade e procurade entender: Non é o que entra pola boca o que mancha o ser humano; o que sae pola boca, iso si que o mancha»(Mt 15, 19. E en cantas ocasións non se enfrontou, de forma escandalosa, mesmo heterodoxa para o momento, contra prácticas relixiosas normalizadas oficialmente, e sempre porque esas prácticas implicaban algún tipo de marginación de persoas ou grupos sociais fráxiles, ou denotaban unha perversión do sentido relixioso! (Mc 2, 13.17: comer con pecadores; Xn 4, 4-27: conversar a soas cunha muller; Mc 11, 15-19: expulsión no templo de tendeiros e compradores.)

Seica non cadran acaso as cousas para pensar simple-

mente que a constante tradición eclesial de excluír a muller do sacerdocio ministerial se debeu a un feito cultural de fonda raizame nas sociedades nas que naceu o cristianismo, e que aínda hoxe se mantén vivo de variadas formas –algunhas realmente insultantes– na nosa cultura, na nosa xente dentro e fóra da Igrexa? É tan complicado ver iso, situarse ante iso ao estilo de Xesús? A Igrexa, incitada por Deus a ser «experta en humanidade», como afirmaba o papa Paulo VI, vendo aquí un claro exemplo de desigualdade humana, non debería sentirse orgullosa de renunciar a tradicións anquilosadas e apuntarse á tarefa decidida de tratar en todo a muller como unha persoa que é, en igualdade de condicións e esixencias co home? Non o ter feito así, demorar en facelo así, implicará que moitas, moitas mulleres, e homes con elas, ollen para a Igrexa con desconfianza, como un lugar a evitar. Unha razón máis para que engorde o espazo social de quen se exclúe da Igrexa.

E supoñemos que as mulleres que están optando ao sacerdocio desa forma alternativa, terán pensado moito en non reprodu-

cir talantes e prácticas clericistas. E supoñemos tamén que terán dialogado entre elas e co Espírito, abertas sinodalmente ao conxunto do pobo de Deus, se esa é a mellor maneira neste caso de intentar resolver o conflito entre profetismo e institución, un conflito por certo que o mesmo Xesús viviu intensamente, ata o punto de que foi ese conflito o que o levou á morte. Unha morte que acabou sendo salvadora, redentora.

4.- Suicidios e suicidios

Nos primeiros días do pasado xullo espallouse a nova de que o 5 dese mes en Italia se suicidara un sacerdote, Matteo Balzano, 35 anos, da diocese de Novara, moi considerado entre os seus fregueses e os compañeiros clérigos. O acontecemento deu pé a que nas redes se empezase a compartir información que falaba doutros suicidios de curas, habidos en diferentes países do mundo, e tamén a opinar sobre as posibles causas que poden levar a que un sacerdote decida poñer así fin á súa vida. Entre nós recordo con pena no corazón a Xosé Miguel Carneiro, 38 anos,

da diocese de Santiago, que se suicidou a noite do Nadal do ano 2011; con el compartiamos ilusións e traballos pastorais. (Curiosamente, como era habitual daquela, nada se dixo nin comentou no seu funeral sobre o feito da súa morte; era, e igual segue a ser, tema vetado.)

E fálase á conta diso das condicións estruturais da condición clerical: célibe, frecuentemente só, urxido por fondas esixencias persoais consigo mesmo e cara á comunidade que serve, satisfeito ás veces do traballo feito e dos seus froitos, ás veces desconfirme no fondo co sentido do que fai e do que obtén co que fai, sen bos apoios psicolóxicos nin no proceso de formación, nin no día a día do seu diario vivir; ofrécense datos dun 20 % de curas adictos ao alcol e dun 8 % con outras adiccións (?), e sublíñase o problema do *burnout*, definido como estado de esgotamento mental, físico e emocional causado pola tensión prolongada: poucos curas, moitas parroquias ao seu coitado, o desexo en xeral de cumprir ben, o apuro de cada día...

Ao tempo que se falaba de todo isto, tamén as redes com-

partiron información de que a idade dos candidatos á formación sacerdotal ían cambiando entre nós o seu perfil: xente de máis anos, que ten pasado por procesos laborais, relixiosos, convivenciais, mesmo amorosos..., en fin, o que noutros tempos se chamaban vocacións tardegas. E gustoume que isto estea acontecendo, considerando que serán futuros curas que na súa alforxa persoal levarán máis recursos, máis referencias, máis maduración ca non as persoas que non estiveron en contacto estreito con ningunha desas circunstancias vitais que lle van dando corpo a un ser humano. Non quero dicir que as vocacións desde a infancia en liña recta ao sacerdocio non teñan dado excelentes curas, pero quizais os tempos nos que vivimos, coa súa especial configuración social respecto ao feito relixioso e aos seus servidores, estean demandando postulantes ao sacerdocio con outra equipaxe antropolóxica.

E, volvendo un chisco ao do suicidio, gustaríame subliñar que na vida dunha persoa, dun cura en concreto, pode haber dolorosos suicidios físicos e pode haber tamén amargos suicidios

vitais. Danse cando alguén, por non ter disposto dun san proceso de madurez nos diferentes campos que estruturan unha persoa, sobre todo no que ten que ver co querer e ser querido (en senso amplo e tamén moi concreto), camufla o seu fráxil mundo afectivo debaixo das diferentes actividades; estas poden ser mesmo heroicas e de éxito, pero no fondo a busca de recoñecemento é a razón principal dun actuar, que nunca acabará satisfacendo a unha persoa. Un pode pasar a súa vida non sendo el, matándose a si mesmo. É algo do que nos alerta a sabedoría evanxélica cos exemplos dalgunhas prácticas relixiosas (esmola, oración, xaxún) (Mt 6, 1-18). É algo que vin sabiamente expresado nun excelente libro *«El Sopro del Don»*, que ofrece o Diario do irmán Christophe, monxe mártir de Tibhirine, con estas palabras (traduzo ao galego):

Hai vocacións construtivas que fundamentan, establecen, fan progresar, e hai vocacións ruinosas que non acaban en ningún resultado positivo e que desexan a ruína (déanlle a esta palabra toda a súa amplitude) a fin de se atopar consigo mesmas (p. 192).

En definitiva: morrer matándose ou morrer morréndose.

E respecto de todo isto non é cuestión menor, nin moito menos, a esixencia do celibato como condición imprescindible para poder ser cura, cousa que o converte en «celibato obrigatorio». Penso que o ideal sería a coexistencia de curas célibes, porque a iso se senten chamados, con curas casados, porque tamén a iso se senten chamados. Unha coexistencia que seguro fortalecería, purificaría, e non debilitaría, os compoñentes das dúas opcións. E, se non todos, polo menos algúns importantes elementos perturbadores da estabilidade emocional do clero, os afectivo-sexuais, deixarían de ser tales. Quedaría en pé, xaora, o ideal vivido e proposto por Xesús: «As raposas teñen tobeiras e os paxaros teñen niños; pero o Fillo do Home non ten onde pousar a cabeza» (Lc 9,58), pero tamén se respectaría o ideal paulino para quen se responsabilice dunha comunidade: «Pero cómpre que o ‘bispo’ sexa irrepreensible, home dunha soa muller (...). Que governe ben a propia casa e teña os fillos ben guiados, con dignidade, pois, se un non sabe estar á fronte

da súa familia, como vai saber coidar a Igrexa de Deus?» (1Tim 3, 2-5).

Dito o dito, cremos que moitos suicidios, tamén dos curas, arrédanse de todo razoamento lóxico e remítennos máis ben a ese fondo de misterio que nos desborda e que forma parte da nosa condición humana no nacer, no vivir e no morrer. Misterio emparentado intimamente coas tres feridas coas que todo ser humano vén a este mundo, segundo dicía dura e fermosamente Miguel Hernández: *«la de la vida, la de la muerte, la del amor»*.

5.- «A la caza del moro»

Con esta delituosa expresión podíamos resumir o que sucedeu en Torre Pacheco, Murcia, desde que o 9 de xullo un grupo de tres mozos magrebís golpearon un señor maior, parece que coa idea de poder gravar e difundir logo a imaxe cun aquel de mofa e diversión. Os tres mozos foron detidos, como era de razón, pero o coñecemento do feito deu pé a unha verdadeira paranoia antirracista, moi concretamente anti-magreb, antimoro, que empe-

zou pola difusión de imaxes da persoa golpeada, que non era o señor Domingo que sufrira os golpes, e pola descrición de cinco agresores que tampouco non se correspondían cos tres que o foran. E todo isto derivou nun movemento agresivo de grupos de Torre Pacheco, pero sobre todo doutros de diferentes lugares de España, que foron convocados «a la caza del moro», con disposición clara de linchamento se era posible. Xente de extrema dereita, vinculada ou non a VOX, sempre coa súa conformidade, foi a que levantou e sostivo toda esta movida, ata que o control policial e a reacción de moita xente de Torre Pacheco e o correcto sentido de xustiza foron calmando a cousa.

O feito valeu para ofrecernos unha mostra do que é o argumentario ideolóxico anti emigración: estannos invadindo e alterando o noso xeito de ser e de vivir, véñense aproveitar do noso, empobrecénnos, emigración igual a delincuencia..., e tamén do que son as formas de proceder deses grupos antirracistas, xenófobos, e o nulo reparo en saltarse límites legais para satisfacer as súas con-

signas. Todo isto envolto en loidas e datos falsos sobre o que é e acontece na realidade, neste caso no concello de Torre Pacheco.

Torre Pacheco, 40.000 habitantes, viu medrar a súa poboación, vida e riqueza grazas á afluencia de inmigrantes magrebís sobre todo, que traballan nas amplas zona de horta de regadío. Moitos, xente con papeis, moitos non, pero traballando, dando rendibilidade ás empresas e aos habitantes do concello, en moitos caso á conta de salarios pésimos de persoas que traballan na clandestinidade. Conflúe en Torre Pacheco xente de moi variada procedencia; o pobo era ata o presente un exemplo de interculturalidade, aínda que non de xustiza no trato cos inmigrantes. Os que están sendo máis problemáticos, pertencen á segunda xeración de inmigrantes, os que son e non son de aquí, sen unha correcta integración na que teñen responsabilidade eles mesmos e sen dúbida a xente, e sobre todo as institucións públicas do lugar, que, como en tantos outros lugares, non se matan por crear prácticas de convivencia. A «rebelión»

habería que propoñela, si, pero por razóns ben distintas ás que se barallaron para o rebumbio desa semana de xullo.

Detémonos no acontecido, porque foi un estoupido revelador do que se está a cocer no ánimo de moita xente no conxunto da sociedade española, que pode ser un adianto de maneiras de abordar a inmigración en datas non moi arredadas do presente. Sabemos o posicionamento dos partidos políticos. Sabemos as escusas que –uns máis ca outros– poñen para non afrontar o problema, para o que o Papa Francisco ofrecía humanamente os catro verbos: acoller, protexer, promover e integrar. É un reto de grande transcendencia o que temos por diante, para o que se espera moito das persoas crentes. Cónstanos o bo facer da Igrexa do lugar na procura dunha boa integración da xente inmigrante, e da súa reacción contra tales acontecementos, apoiados en todo isto polo seu bispo. Na mesma liña ía a mensaxe publicada o 15 de xullo polo director do Departamento de Migracións da CEE, Fernando Redondo Pavón. Mensaxe á que se sumou deseguida a CONFER.

E un tras outro foron chegando manifestos en diferentes formatos. Subliñariamos o artigo de Xavier Gómez, bispo de San Feliú de Llobregat, publicado en *Ecclesia*: non son migrantes, son veciños, insistía; a homilía cálida e suxestiva de Santiago Agrelo en *Religión Digital* para o domingo 20 de xullo, que con Xesús, Marta e María, falaba de encontros e escoitas. Tamén o comunicado da *Asociación de Teólogas y Teólogos Juan XXIII* rexeitando os discursos de odio, defendendo o dereito de toda persoa a emigrar, demandando aos partidos políticos que rexeiten discursos de odio, solicitando que se implante dignidade e xustiza nas condicións laborais en Torre Pacheco e urxíndonos a todos a non nos deixar enganar por certos dirixentes políticos e a recoñecer que a interculturalidade sempre foi unha grande riqueza do ser humano.

E a maiores, como botón de ouro, a ampla entrevista ao bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos, Presidente da subcomisión episcopal para as Migracións e Mobilidade humana, que tamén *Religión Dixital* nos ofreceu o

mes de xullo. Entrevista longa, que leremos con proveito, seguro; nela puntualiza moitos aspectos interesantes e deixa claro que, como persoas cristiás que somos e queremos seguir sendo ante quen se nos achega con outra fe no seu corazón, debemos defender a dignidade de todo ser humano, sexa da cor, clase, condición social, país que sexa; e só desde esa perspectiva se deberán abordar as importantes dificultades que temos todos, inmigrantes e poboacións que os acollemos, para xestionar esta realidade. A experiencia de migración que temos os galegos e galegas, e en boa medidas toda a poboación española, deberíanos dar folgos para facer esta tarefa con humanidade exquisita.

E desde Galicia tamén o arcebispo de Santiago na homilía da festa do Apóstolo, ante Feijóo e outras autoridades políticas presentes (traducimos): «É inaceptable utilizar os migrantes ou refuxiados como arma política, cando xa amorean dor polo desarraigamento e o abuso das mafias». As súas palabras, xaora, transcenderon o momento e abriron páxinas en moitísimos medios.

Con todo e iso, coidamos que houbera sido moi oportuno un comunicado da CEE como tal. Certo que xa en maio do 2024 fixera pública a súa posición ao respecto, co documento «Comunidades acogedoras y misioneras», pero ante unha situación como a actual non estaba de máis un breve comunicado, que de seguro tería máis espallamento e atención do que o extenso documento do 2024. E igual axudaba tamén a que algún compoñente da CEE non se deixase vencer por malas tentacións.

Para rematar, un merecido aplauso para a Igrexa de Almería, que no recente xullo tomou a decisión de converter o Seminario diocesano nun centro para recoller e hospedar persoas inmigrantes.

6.- Perdóanos para que nós poidamos perdoar

Así concretamos a segunda petición do Noso Pai, a oración cristiá por excelencia. Aínda que o texto normal nos poida despistar un pouco, non se trata de pedirlle a Deus que nos perdoe como nós perdoamos –pobres de nós!–, senón

que sexa El quen nos marque a medida e a urxencia interior e exterior do perdón, e así poderemos respirar tranquilos.

É peado, fáisenos difícil moitas veces pedir perdón; e tamén é peado dalo. Na Igrexa, de anos a esta parte, estamos envoltos en situacións nas que debemos pedir perdón. Teñen que ver estas especialmente con todo o que é abuso de autoridade, con matices moi variados, entre os que sobrancean os sexuais e os machistas. Cousas que no ámbito eclesial adoitan ir acompañadas polo hábito de excelencia espiritual da persoa que tal cousas promove. A Igrexa houbo de esforzarse en crear un xeito digno, solvente, de resolver estes casos, ante os que noutros tempos o silencio e a ocultación era o remedio.

Ao redor destas cousas foi moi significativo o que aconteceu o 9 de xuño no auditorio da fundación Paulo VI de Madrid. Situámonos. No franquismo, ano 1941, creouse un Padroado de Protección da Muller, que como tal funcionou ata o ano 1985. O seu fin era, en linguaxe típica da época, «a dignificación moral da muller, especial-

mente das mulleres novas, para impedir a súa explotación, para arredalas do vicio e educalas de acordo coas ensinanzas da relixión católica». Pero, ao lado de prestacións loables, déronse moitos casos de desprezos e humillacións, que chegaron ao punto –parece– de vendérenlle os fillos que parían. Tres ordes relixiosas femininas eran as encargadas de soste este servizo coa apoio estatal.

Creouse hai un tempo unha plataforma de mulleres que por tal proceso pasaran, nomeada «*Las desterradas hijas de Eva*» e, xuntamente coa CONFER, ao longo dun ano enteiro foron organizando un acto de perdón e desagravio consensuado ao detalle por ambas as dúas partes. O acto foise desenvolvendo conforme ao previsto, con intervencións diversas de representantes das ordes relixiosas, da CONFER, das mesmas mulleres que pasaran por aquela dura experiencia, todas elas achegando luz sobre o que de verdade acontecera no tal Padroado, cunha actitude solidaria, colaboradora, en disposición de seguir dando pasos cara a unha revisión a fondo do sucedido e das súas conse-

cuencias, ata que nun momento unha persoa representativa da plataforma, que colaborara activamente na organización do acto, rebenta o acto sacando un cartel onde se di NO, ao que se sumaron outras persoas berrando e repartindo folios co mesmo NO. Unha manobra organizada a última hora, na que colaboraron entre outras Irene Montero, de Podemos, persoa que fora ministra de Igualdade e que nada fixera por lle dar saída a este denigrante feito histórico.

O desagradable espectáculo non matou a forza do acto, nin o interese por seguir traballando por todo o que haxa que facer para restaurar a dignidade e os dereitos das mulleres que tales aldraxes sufriran.

Estamos, logo, recordando e intentando reparar feitos acontecidos desde hai 84 anos, cousa na que xente de Igrexa está xogando un papel importante e moi digno, algo normal, dado que tamén xogara papel importante no que acontecera no Padroado aquel. E isto lévanos a lembrar unha vez máis que como Igrexa galega –e tamén española, xaora– temos

a débeda xa improrrogable de pedir perdón pola nosa colaboración bastante xeneralizada coas forzas franquistas, falanxistas e similares. Galicia, sen ser territorio de guerra aberta, sufriu unha atroz persecución na que caeron centos e centos de cidadáns, algúns certamente en enfrontamentos armados, pero a gran maioría co método expeditivo de ser sacados da casa a calquera hora do día ou da noite e aparecer fusilados en tal ou cal lugar; e simplemente por ser sindicalista, por ser de esquerdas, por ser unha persoa significativa en relación ao progreso do pobo, por ter algún cargo desde siglas que non gustaban aos vencedores etc.

Moitas destas persoas eran verdadeiros loitadores polo progreso da xente, dos pobos; entre eles cabe subliñar o amplo grupo de mestres, «mestres da República», que estaban consagrando a súa vida a espallar unha cultura creativa, que abría os ollos, fomentaba a ilusión e dinamizaba a xente humilde cara a un cambio de vida en dignidade. Estas persoas non poden, non deben ser consideradas mártires da solidariedade? Fosen crentes ou non,

non estaban moi achegados ao soño de Xesús: Que teñan vida e que a teñan en abundancia?

Pero desde a Igrexa moito nos encargamos, aínda no presente, de reivindicar méritos e mesmo títulos de santidad para os nosos que morreron inxustamente, ao tempo que nin unha palabra de recoñecemento temos para quen desde perspectivas distintas non facían senón traballar polo que a Deus lle reina. Custaría tanto poñerse de acordo con líderes políticos e sindicais e no marco dun movemento de reparación organizar un acto conxunto onde recoñeceramos erros, no que pedirmos perdón, no que enxalzarnos a persoas honestas e loitadoras ata subilas ao altar laico da admiración e da dignidade a imitar? Parece que o plan é máis ben deixalo para o outro mundo, cando nada estea xa nos nosas mans. Pero somos nós os que perdemos, deixando de enriquecernos coa testemuña deses devotos de Deus que igual non pisaban igrexas, ou si, pero que sementaban pobo de veras.

No meu devoto martiroloxio particular teño gravados espe-

cialmente dous nomes e dúas datas: Alexandre Bóveda Iglesias, home de sinxela e recia fe cristiá, mente privilexiada, traballador incansable polo mellor futuro para Galicia desde o eido político, nunca mal fixo a ninquén: fusilárono o 17 de agosto do 1936 na Caeira, Pontevedra. E Arximiro Rico Trabada, mestre rural en San Bernabel, Baleira, Lugo, home tamén crente, gran dinamizador dunha ensinanza viva, que non se limitaba ás horas propiamente escolares, e promotor de moitas actividades culturais e de progreso da xente rural. O 1 de setembro do 37 un grupo de falanxistas levouno da casa pola noite e acabaron con el despois de machucalo indignamente. En decembro do 1939 chegou un comunicado das autoridades que revisaran o seu caso, no que o exculpaban e simplemente o sancionaban con suspensión de emprego e soldo por un ano. O cura da parroquia de Martín foi o principal encirante de toda esta traxedia.

Fago miñas as palabras de Narciso de Gabriel no seu libro *Os mestres mortos daquel verán*, que así conclúe o amplo relato (pp. 123-166) sobre Arximiro: «No que a min respecta, abofé

que me acompañará mentres viva. Fíxeno meu. E estaría encantado de compartir este sentimento con todas e todos vostedes». «Os mártires serán santos», rezaba o pé do debuxo de Castelao en *Atila en Galicia*. A ver. Cando nos preguntamos polo porqué das igrexas baleiras, tamén tiñamos que reparar en realidades coma esta que non se resolveron con xustiza.

7.- Coa mocidade de xubileo en Roma

Foi este xubileo da esperanza para a mocidade, do 31 de xullo ao 3 de agosto. De todas as partes do mundo acudiron a Roma centos e miles de mozos e mozas, ata superaren o millón, para participar nesta inxente celebración. As cinco dioceses galegas estiveron alí ben representadas; Galicia fíxose ver e sentir. Ademais Xesuítas e Mercedarios e outros institucións tamén mobilizaron mocidade para o evento

Os primeiros días 31 e 1 estiveron dedicados á acollida, á visita de lugares de interese e a diversas actividades relixiosas, formación, oración, en grupos menores. Dentro disto cabe

subliñar a lectura do *Manifesto da Mocidade Cristiá de Europa*, que centros de mozos e mozas europeos de quince delegacións de toda Europa leron na basílica de Santa María *in Trastevere* o 1 de agosto, ás 11 da mañá. Manifesto que foi precedido por unha mensaxe do cardeal Pizaballa e pola homilía de Mons. Fisichella.

Patricia Recio Martínez, moza coordinadora deste evento e da iniciativa Xornada para a Redención (J2R2033), explicou:

As siglas significan Roma 2025, Santiago 2027, Xerusalén 2033. O de hoxe é só o comezo dun camiño longuíssimo, dividido en tres etapas, que rematará no Xubileo extraordinario de 2033, dedicado á Redención. O noso obxectivo é poñer a Cristo no centro das nosas vidas, estando todos unidos.

A iniciativa, que xorde da Conferencia Episcopal Española, conta co apoio de numerosas Conferencias Episcopais, dioceses, parroquias e movementos eclesiais de toda Europa. O proxecto inscríbese no camiño pastoral e evanxelizador promovido polo Dicasterio para a Evanxelización como

preparación ao Xubileo da Redención do ano 2023.

Pois ben, os actos propios do Xubileo da Mocidade tiveron lugar en Tor Vergata, un amplísimo espazo ás aforas de Roma. Foron basicamente dous: a Vixilia da noite do 2 de agosto e logo a Eucaristía final do 3. Para calquera dos dous a presenza da mocidade chegou ao millón de persoas. Chamou a atención, como en tantas outras ocasións similares, a grandeza dos espazos, a exquisita organización necesaria, a orde establecida e respectada, a implicación da mesma mocidade asistente.

Nas instalacións do que fora circo Máximo habilitáronse espazos para as confesións individuais. A Vixilia da tardiñoite do día 2, coma noutras ocasións similares, houbo tempo para ir ocupando espazos, a espera da chegada do Papa en helicóptero, a súa acollida, a lectura do relato dos discípulos de Emaús (Lc 24, 13-35), escena tamén na tardiño baixa, cantos, oración, silencio, tres participantes que lle fan cadansúa pregunta ao Papa e as respostas deste, adoración do Santísimo... e de fondo o interese

da mocidade por dicirse, por buscar camiños, e a resposta dos líderes maiores por amparar ese soño e por ofrecer axudas para deseñar camiños que os poida facer realidade.

A durmida foi ao descampado, mal cubertos polo que fose. Ás 9 da mañá empezou a Eucaristía co seu desenvolvemento normal, iso si, ao amparo dunha grandeza impresionante en espazos e números, e cunha mocidade moita da cal se atopaba por primeira vez ante un cadro semellante, contemplando e vivindo unha maneira de ser Igrexa que desbordaba o que día a día podía estar vivindo no seu medio de vida, na súa sociedade: a Igrexa non é de pequenos números, non é de xente vella, non anda encollida como avergonzada de si, é leda, canta, festexa, ten esperanza.

Estas macro concentracións de crentes novos teñen o seu aquel de euforia, que igual de pouco ou nada vale, iso pensamos nós, se non se contemplan dúas cousas: que logo o vivido teña continuidade no pequeno grupo, na pequena comunidade parroquial da que forman parte, e que a tanta exaltación, a tanto

Tabor, siga a decisión de baixar do monte, ir á realidade social da que a mocidade forma parte, e ir con vontade de contribuír ao seu cambio para mellor. Neste senso non nos gustou que no Manifesto da Mocidade Cristiá de Europa, do que falamos máis arriba, non aparecese ningunha referencia a nada do que está pasando no mundo –e mira que están pasando cousas!–, ofrecendo a nosa colaboración como crentes. É un texto fermoso, vivo en si, poético, apuntando importantes características desa condición de mocidade crente e da fe que a move, pero con obxectivos sen especificar. Xesús, o noso guieiro, desde o primeiro momento demostrou ter fe firme, pero tamén obxectivos, cousas primordiais ás que atender (p. ex. Lc 4, 14-19).

8.- Contrapuntos preocupantes

Acabamos de falar dun encontro de máis dun millón de mozos e mozas en Roma. Eses mesmos mozos e mozas son dadas a gustar de momentos de masificación, para rezar, cantar, para peregrinar, para se divertir... A masificación merca e vende. E en xeral na sociedade ese é un

criterio de éxito, de sentido, de futuro. O escaso número, sexa para o que sexa, non vai a ningunha parte. Por iso nos preguntamos tamén nós pola mensaxe das igrexas baleiras.

Pero realmente a mesma mocidade e o conxunto da sociedade vivimos dentro deses parámetros? Ou é –ou pode ser– que o gusto polo multitudinario, a consideración de éxito cando se dá, agocha outras cousas? Non pode estar agochando, por exemplo, a soidade, da que se foxe?

Hai uns poucos meses publicouse unha enquisa segundo a cal en Galicia hai actualmente 343.000 persoas que viven soas. Un de cada tres fogares galegos está ocupado por unha destas persoas. E calculaba esa información que para o 2039 medio millón de vellos e tamén novos vivirían en soidade en Galicia.

Somos unha sociedade con recursos para poder contrarrestar esas soidades, pero por moitos recursos a maiores dos que se bote man –e non todo o mundo dispón deles, nin moito menos–, a soidade manca e marca; eu creo que, admitindo excepcións, bastantes excep-

cións, vivir só empequecece unha persoa, non facilita desenvolver aspectos importantes dunha sa humanidade, como é escoitar, compartir, soportar, enfadarse, perdoar, reconciliarse, medrar en tolerancia e comprensión, desenvolver hábitos de servizo, coidar e ser coidado, medrar en dispoñibilidade, manter a quentura da convivencia... Se cambian os fogares, e cambian nesa dirección, a sociedade tamén cambiará. E non consideramos que sexa para unha maior e mellor experiencia de humanidade. Xa con sabias concrecións dicía o Eclesiastés:

Mellor son dous ca un; tirarán bo proveito do traballo de entrambos. Se caen, un pode axudar ao outro. Mais, malia o só! Cando caia non terá quen o erga. E aínda máis: dous xuntos a durmir quecen ben; un só como se quentará? E a un só pódesele; dous xuntos, resisten. E corda de tres fíos non se rompe axiña (Ecl 4, 9-12).

En fin, nin multitudes que encubran orfandades nin soidades que as evidencien, sobre todo as forzadas, as impostas polas circunstancias adversas da vida.

9.- E como bico de despedida

Os bicos son cousa boa, aínda que tamén os haxa traizoeiros, coma o de Xudas. Neste caso o primeiro dos dous é o bico dun home que sempre lle quixo ben a esta revista *Encrucillada*, á que gardou fidelidade ata a morte, e a que levou consigo fose onde fose o lugar do seu traballo pastoral. Referímonos a Uxío García Amor, cura da diocese de Mondoñedo-Ferrol que sempre nos acompañou nas nosas lerias. Era un convencido absoluto de que o galego, como lingua popular e lingua eclesial, de culto públicos e privado, debía ter unha valoración e unha presenza inequívoca na Igrexa Galega. E non o facía desde ningunha proposta política, senón, como debe ser, desde a simple normalidade de que un pobo que fala galego debe tamén poder rezar en galego, e debe ser animado a iso, se é que, polas razóns que sexa, lle entrou o aquel da infravaloración ou mesmo o noxo polo propio. Uxío sentía e vivía en galego.

Uxío, Don Uxío, morreu xa o 3 de maio pasado, aos 96 anos de idade. As circunstan-

cias daqueles días, afectados pola morte do papa Francisco e pola elección do papa León XIV, fixéronnos adiar esta agradecida e obrigada memoria. A vida de Uxío foi unha vida longa de cura, onde exerceu de todo: cura rural, profesor de renome, excelente músico, director de corais, administrador diocesano á espera do nomeamento dun bispo para a diocese. Poeta delicado, trobeiro popular... Tiña unha sólida formación teolóxica. E todo iso aparecía nel envolto nunha manifesta actitude nada *carreirista*, nunha disposición de servizo calado, humilde; sempre valorando os méritos dos demais e nunca chufando os seus e nin sequera amosándoos de forma directa; home asentado en Deus, que transmitía proximidade, alegría, sempre con bo humor. Un referente para o clero e para o pobo.

Cando morreu, houbo que pechar a subscrición, á espera de que haxa algún cura desa mesma diocese galega ou doutra que xuntamente coa herdanza do seu bo labor de cidadán, de crente e de cura, acolla o obsequio de poder vivir en galego, tamén en galego, como

algo normal en Galicia, e se subscriba a *Encrucillada*. A ver. Falta facía.

E o segundo bico é para SEPT (Servizo de Estudos, Publicacións e Traballo), co seu actual presidente á fronte, Silvestre Gómez Xurxo. SEPT desde a súa fundación no 1966 dedicou todas as súas enerxías de grupo laico ao uso normalizado do galego na liturxia; e para iso foi o promotor da edición da Biblia en galego no ano 1989; no 2022 ofreceu a súa 4.^a edición.

E o 3 de xuño pasado SEPT presentou no Instituto Teolóxico Compostelán de Santiago a edición en liña da nosa Biblia, dedicada a Alfonso Zulueta e a Kiko Domínguez, persoas moi significativas na identidade e no traballo levado a cabo por SEPT. O acto foi presidido polo irmán arcebispo compostelán Francisco José Prieto Fernández. Nel, ante o numeroso público asistente, comezou tomando a palabra Lois Subiela, representante da empresa *Ozono Multimedia*, encargada de realizar o traballo. Subliñou o doado que é acceder e baixar calquera texto da Biblia, a través de www.abiblia.gal. E logo foron

valorando e comentando moi positivamente o significado do feito Henrique Monteagudo, presidente da RAG; Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística; Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, e o propio arcebispo de Santiago. Del foron as seguintes palabras coas que cerramos a presentación deste feito significativo:

Ler a Biblia é ler un dos textos que definiron a humanidade. E, en galego, é tamén unha forma de celebrar quen somos.

En datas posteriores a Biblia en galego en liña foise presentado nas demais dioceses galegas. Oxalá que estes actos senlleiros teñan continuidade nunha práctica diaria chea de valoración, respecto e bo uso do galego na nosa vida civil e na nosa práctica relixiosa. Parabéns moi especiais a SEPT por este novo paso que tanto pode facilitar a normalización do galego.

E con este bo sabor e recendo pechamos esta Crónica. Bo outono de froitos e ata o Nadal se aló chegamos. Apertas, amigas, amigos.

Manuel Regal Ledo